



Os orzamentos da Xunta de Galicia para 2016 volven discriminar a Cuntis

A Xunta de Galicia vén de aprobar os Orzamentos para o ano 2016. O propio executivo galego cualificounos de 'expansivos' ao medraren un 4'3% a respecto dos do ano anterior. Estamos ante uns orzamentos electoralistas, que con vistas ás próximas Eleccións ao Parlamento Galego pretenden lanzar vistosos titulares de incrementos que en ningún caso remendan o recortado dende 2009. Agochan, ademais, un incremento do custe do Goberno dun 23%, incluíndo subas salariais para o Presidente e os Conselleiros. Estes orzamentos, xunto á modificación da estrutura da propia Xunta, non van máis alá de fogos de artificio mediático.

Pero nin cos leves incrementos orzamentarios se vai ver Cuntis beneficiado. De feito, o investimento previsto para o noso municipio volve ser, un ano máis, de cero euros. O Partido Popular non prevé nin tan sequera un céntimo para o Polígono Industrial da Ran, nin para a posta en funcionamento do Centro de Día, nin para rematar a parcelaria de Troáns, nin para ningunha outra partida que cubra as necesidades do noso municipio. Como municipio rural que somos, a discriminación do Goberno de Feijóo cara a Cuntis é un feito máis que constatable.

As dúas lexislaturas de Alberto Núñez Feijóo á fronte do Goberno arrojan un saldo máis que negativo para o noso concello, xa que non só ficou indiferente ante as necesidades senón que freou o desenvolvemento das nosas potencialidades. Isto amosa tamén o nulo peso político da agrupación local do Partido Popular, á que a sumisión ao seu partido a leva a manterse de costas ás necesidades que en parte contribuíron a engordar durante o seu fatídico goberno.

Por se houberse poucos motivos para impulsar un cambio político na Xunta de cara ás vindeiras eleccións, os veciños e veciñas de Cuntis temos unha razón máis para expulsar ao Partido Popular da Xunta de Galicia: a discriminación á que nos vén sometendo dende a chegada de Feijóo ao Goberno da Xunta.